

## REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

*Aprobado na Xunta de Centro do 4 de maio de 2017*

### Obxecto do presente regulamento

O obxecto deste regulamento é establecer as normas para a realización, asignación de titores/as, elección de temas e avaliación das prácticas académicas externas (PAE) do alumnado do *Grao en Xeografía e Historia* da Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

### 1. Aspectos xerais

**Art. 1.** De acordo coa planificación docente do *Grao en Xeografía e Historia* da Facultade de Historia é requisito indispensable para a consecución do título cursar a materia PRÁCTICAS (obrigatoria de 4º curso) cunha carga docente de 12 créditos ECTS.

**Art. 2.** As prácticas académicas externas (PAE) deberán realizarse no marco dun convenio de cooperación educativa suscrito entre as distintas entidades colaboradoras e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa de prácticas profesionais dos e das estudantes do *Grao en Xeografía e Historia* da Facultade de Historia.

**Art. 3.** A Comisión de Prácticas da Facultade de Historia estimulará a búsqueda de empresas, institucións e entidades públicas e privadas de ámbito nacional e internacional, que a través da realización de PAE permitan ao alumnado alcanzar unha mellor cualificación e futura adaptación profesional. A coordinación da materia PRÁCTICAS será responsable da tramitación ou renovación dos convenios de cooperación educativa coas entidades colaboradoras antes do inicio das PAE.

O alumnado poderá presentar unha nova proposta de prácticas que deberá incluír unha declaración de interese por parte da entidade colaboradora implicada (impreso D.1. Ficha de empresa). A Comisión de Prácticas valorará a proposta e, en caso de aceptala, a coordinación iniciará a tramitación do correspondente convenio de colaboración.

**Art. 4.** Cada entidade colaboradora designará a un titor ou titora que se encargará do seguimento das prácticas, impulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación seguindo o procedemento descrito no artigo 11 deste regulamento.

**Art. 5.** A coordinación de Prácticas elaborará un listado co profesorado do grao que poderán ser elexidos polos estudantes como titores/as académicos. Para a elaboración do devandito listado terase en conta a relación entre a área de coñecemento do profesorado e o ámbito temático ou profesional ao que se orienten as prácticas.

## **2. Asignación de entidade colaboradora, tema e titores.**

**Art. 6.** A coordinadora ou coordinador da materia PRÁCTICAS será responsable da asignación das e dos estudantes ás entidades colaboradoras para a realización das PAE. A temática do traballo a desenvolver no marco das PAE deberá axustarse aos obxectivos xerais do grao e ás competencias da materia.

Tralo inicio do curso académico, a coordinadora ou coordinador da materia PRÁCTICAS realizará unha sesión informativa sobre PAE destinada ao alumnado de 3º e 4º curso que poderá consultar, a través da plataforma docente FaiTic, os centros cos que exista un convenio docente e as liñas de traballo que ofertan.

Antes do 30 de novembro, o alumnado realizará a elección de tres centros, priorizándoos, e comunicará esta elección mediante o envío á Secretaría do Centro do ANEXO I “*Elección de centro de prácticas*”. No caso de que as solicitudes superen o número de prazas ofertadas para un mesmo centro, a Comisión Académica realizará a asignación final tendo en conta os seguintes criterios:

- 1º Estar matriculado/a na materia PRÁCTICAS
- 2º Non ter realizado ningunha práctica extracurricular convalidable
- 3º Expediente académico

**Art. 7.** As e os estudantes que así o desexen poderán solicitar a convalidación de prácticas extracurriculares presentando o ANEXO II “*Solicitud de convalidación de prácticas*”, se cumpren os seguintes requisitos:

- 1º Estar matriculado/a na materia PRÁCTICAS
- 2º Que as prácticas extracurriculares se axusten aos obxectivos, competencias e extensión da materia PRÁCTICAS
- 3º Que teñan obtido unha cualificación que poida reflectirse no expediente académico

As e os estudantes que desexen solicitar o recoñecemento de prácticas extracurriculares sen cualificación, proxectos de voluntariado ou experiencia profesional que se axusten á temática do grao poderán facelo presentando o ANEXO III “*Solicitud de recoñecemento de créditos de Prácticas*”.

**Art. 8.** Unha vez asignados os centros de prácticas a coordinación da materia cumprimentará e enviará ao titor/a académico/a o impreso D.4. Formalización das PAE. O titor/a académico imprimirá tres exemplares que, debidamente asinados, entregará ao/á estudante, ao titor/a da entidade colaboradora e ao coordinador ou coordinadora da materia PRÁCTICAS.

### 3. Período de prácticas

**Art. 9.** As PAE poderán desenvolverse ao longo de todo o curso académico, sempre e cando non interfiran nas actividades docentes e outras responsabilidades do alumnado e finalicen unha semana antes da apertura de actas do segundo cuadrimestre ou da convocatoria de xullo.

**Art. 10.** O número de horas de prácticas académicas externas será de 300 horas, das cales 240 adicaranse á realización das prácticas, 30 a titorías e 30 á redacción da memoria da actividade formativa.

As prácticas desenvolveranse nunha xornada laboral acordada, baixo a supervisión da coordinación, entre o estudante e a entidade colaboradora.

### 4. Avaliación das prácticas académicas externas

**Art. 11.** Finalizado o período de PAE, o titor ou titora do/a estudante na entidade colaboradora remitirá ao titor/a académico/a, o informe de valoración de prácticas utilizando o impreso D.5. Informe titor/a entidade colaboradora.

**Art. 12.** Pola súa parte, o/a estudante deberá tamén remitir ao titor/a académico o impreso D.6. Informe estudante e a *Memoria Final de Prácticas*, que se axustará en extensión e contidos ao modelo facilitado na plataforma docente FaiTic.

**Art. 13.** Unha vez recibidos os informes de valoración e a *Memoria Final de Prácticas*, o titor/a académico/a emitirá a valoración final das prácticas, utilizando os impresos D.7. Informe titor/a académico/a e D.8. Certificado acreditativo, en base aos seguintes parámetros:

- 1º Análise da valoración global do titor/a da entidade colaboradora, recollida no impreso D5.
- 2º Avaliación da *Memoria Final de Prácticas* enviada polo/a estudante.

Os criterios de avaliación de cada parámetro (informe e memoria) publicaranse cada ano na guía docente da materia.

**Art. 14.** A coordinación da materia PRÁCTICAS, recibidos debidamente cumprimentados os impresos D4, D5, D6, D7 e D8, será responsable de cubrir as actas coa cualificación final outorgada polo/a titor/a académico/a, que poderá puntuarse entre 0 e 10 con posibilidade de incluír decimais, en base á media entre os puntos 1 e 2 do parágrafo anterior.

Para outorgar a matrícula ou matrículas de honra cando haxa máis candidatos que matrículas teranse en conta os seguintes requisitos:

- 1º Ter recibido a cualificación máis alta no informe do titor/a académico/a
- 2º Ter recibido a cualificación máis alta no informe do/a titor/a da entidade colaboradora
- 3º Expediente académico